



CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS CONDUCTOR DE MOTOBOMBA.

Decreto de alcaldía-presidencia do Concello de Rois polo que se resolve efectuar convocatoria pública para a contratación de persoal laboral temporal.

Na actualidade resulta necesaria a contratación de persoal laboral temporal para os postos de 2 conductores de motobomba.

Constatada a necesidade e no uso das facultades contempladas no artigo 41.14-C do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais decreto:

Primeiro.- Efectuar a convocatoria pública para contratar en réxime laboral temporal de dous conductores de motobomba.


Segundo.- Aprobar as bases que han de rexer a convocatoria e que se establecen no anexo que acompaña esta resolución.


Rois, 30 de xuño de 2014

O alcalde


Ramón Tojo Lens

O secretario


Diego Losada Romero



ANEXO I.

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE 2 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA PARA A CAMPAÑA DE DEFENSA E PREVENCIÓN DE INCENDIOS ANO 2014.

PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de dúas persoas (conductores de motobomba) para a campaña e defensa e prevención de incendios forestais campaña 2014 (15 de xullo ao 31 de outubro de 2014).

SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

Publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello entre os días 4 e 9 de xuño, facilitaranse copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello. Os resultados das probas, para os efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e localización/ situación dos mesmos, levarase a cabo a través do taboleiro de anuncios do Concellos.

TERCEIRA: FINANCIAMENTO E RETRIBUCIONS

A contía das retribucións e cotas da Corporación por seguridade social será imputable en base ó Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Rois.

As retribucións salariais brutas son de 1080€ brutos mes.

CUARTA.- REQUISITOS E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS TRABALLADORES.

1. Requisitos dos aspirantes:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de jubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima distinta da idade de jubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en habilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser



- e) sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Os traballadores deberán ser desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego.
- g) Estar en posesion do BTP e C

2. Selección dos traballadores desempregados:

Realizarase polo Concello entre os que figuren no listado de candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia e enviado ao Concello de Rois, unha vez presentada a correspondente oferta de emprego especificada na oficina correspondente.

Os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria ou pola contra quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

QUINTA: DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Os intesados deberán de presentar o día da entrevista a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI.
- Copia cotexada dos carnés correspondentes (BTP e C)
- Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- Copias cotexadas dos títulos

SEXTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O órgano de selección será colexidao, e como mínimo, constará dun presidente, tres vogais e un secretario, que serán designados por resolución de alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público. A súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que lles será esixible a todos individualmente considerados, ben polos coñecementos profesionais que posúan na materia de que se trate ou polos seus coñecementos específicos sobre selección de persoal, e entenderase, así mesmo a paridade entre muller e home. Deberá posuir titulación ou especialización igual ou superior á esixida par ao acceso a praza convocada. O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o resto de persoal eventual non poderán formar parte dos mesmos.

A pretenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación ou por delegación a ninguén.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destges cando concurren circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992 notificandollo á autoridade convocante, ou cando realicen tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os



aspirantes poderán recusalos de acordo co disposto no artigo 29 do mesmo texto legal.

O órgano de selección non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. Poderá dispoñer da incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario

ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir de aplicación das presentes bases.

Rexeráse no que respecta a súa constitución a formación de vontade, pola Lei 30/1992, estando facultado para interpretar as presentes bases, así como para resolver todas as dúbidas e os problemas que se poidan formular.

SÉTIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN.

Será o concurso de méritos, unhas probas físicas e máis unha entrevista persoal, entre as persoas preseleccionadas polo INEN.

Concurso de méritos: Valorarase os méritos determinados a continuación e puntuarase conforme ao seguinte baremo (ata un máximo de 5 puntos).

A) Experiencia profesional.- por cada mes traballado en postos relacionados co posto a desempeñar: 0,01. Máximo 2 puntos.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, consideraranse os meses de trinta días.

A presentación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos, ou certificados de empresa e informe de vida laboral.

B) Formación.- Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de **1,00 puntos:** por cada curso superior a 15 horas, 0.5 puntos.

C) Por tempo en desemprego (valorarase 0,25 puntos por cada catro meses de desemprego sendo do último período ininterrompido), entregando informe do INEM, ata un máximo de **1,00 puntos.**

D) Carne de conducir, por dispor de máis permisos de conducir 0,50 puntos por cada un deles ata un máximo de **1 puntos**, excluindo sempre o que se esixe.

Probas físicas: Consistirá na realización de proba de esforzo denominado do banco esixese unha capacidade de aeróbica superior a 40 (máximo 1 punto)

Entrevista Persoal: Consistirá en que os aspirantes contesten preguntas relacionadas cos coñecementos sobre o Concello e Rois e o posto de traballo a desempeñar.

(Valorarase un máximo de catro puntos)



OITAVA: PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

A orde de clasificación definitiva de todos os aspirantes virá determinado pola suma de puntuacións totais obtidas na fase de concurso e da entrevista; A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal e a incorporación ao servizo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá proporñer a contratación maior número de aspirantes que praza convocadas.

NOVENA: RECURSOS.

As presentes bases e cantos actos deriven desta impugnananse cos medios e forma previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procemento Administrativo Común.

Para o non previstos nestas basesw ou en aquilo que contradigan, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; o RDL 781/86, do 18 de abril; a Lei de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección de persoal.

DECIMA: NÚMERO DE PRAZAS OFERTADAS: 2

Rois, 30 de xuño de 2014.
O alcalde,


Ramón Tojo Lens

O secretario,


Diego Losada Romero